o dereito a vivir en paz.

Os adultos responsables da súa formación, temos a obriga e gran responsabilidade de procurar que os anos da infancia sexan vividos en entornos de paz.

Un fogar en paz é aquel no que hai respecto, diálogo, axuda, seguridade e coidado das persoas.

Un colexio en paz é aquel que respecta as diferenzas, valora e promove capacidades diversas, axuda nos momentos difíciles e esixe traballo e responsabilidade.

**LOITADORES DA PAZ**
**SON**

todos os nenos e nenas que cada día:

**Respectan ós outros.**
**Axudan ós compañeiros.**
**Resolven os conflictos co diálogo.**
**Traballan e estudian con interese.**
**Participan nas tarefas do grupo.**
**Dan alegrías ós seus pais.**
**Amosan desacordo coas inxustizas.**



*Houb o e*
*h a i moit*
*a s pers*
*o a s loita*
*doras pola*
*paz.*
*É interesante que busques información de: Martín Luther King, Rigoberta Menchú, Gandhi.*

**A conmemoración do día da NON VIOLENCIA é un bo momento**

**para analizar cos nenos e nenas todas as inxustizas que, nestes momentos, ameazan ás persoas.**

***Rapaces e rapazas críticos coas desigualdades, os abusos de poder, a violencia e a perda de dereitos básicos son a mellor garantía de poder cambiar os valores desta sociedade.***



C.E.I. GALÁN P.

# VIVINDO EN PAZ

no fogar,
na familia,
no colexio
e
en todas as nosas tarefas



Equipo Actividades Complementarias e Extraescolares
Departamento de Orientación